



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade

## RESUMO BÁSICO: CONVOCATORIA REDUCCIÓN XORNADA 2017

**CONVOCATORIA:** Resolución do 5 de maio de 2017 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2017 (DOG Nº 95, do 19/05/2017).

### Persoas beneficiarias e accións subvencionables (artigo 4º e 5)

- Poderán ser beneficiarias as persoas traballadores, homes ou familias monoparentais (homes ou mulleres) que, entre o 1 de maio de 2016 e o 31 de maio de 2017 inclusive, tivesen unha situación de redución da súa xornada de traballo para o coitado de fillos e fillas menores de tres anos ou menores de 12 anos no suposto de que padezan unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %.

No suposto de adopción ou de acollemento familiar, para ter dereito a axuda non poderán ter transcorrido máis de tres anos desde a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou adopción e, en todo caso, a filla ou fillo terá que ser menor de 12 anos.

**Nota:** Por familia monoparental entenderase o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo.

- Entre outros requisitos e condicións deberán cumprir os seguintes: a)- estar empadroado en Galicia, polo menos cun ano de antelación ao inicio do período subvencionado; b)- convivir coa filla ou fillo; c)-no seu caso, a cónxuxe ou parella debe estar traballando; d)- ter uns ingresos non superiores a 5,5 veces o IPREM segundo a declaración do IRPF do último período impositivo con prazo de presentación vencido (2014).

O período máxime subvencionable, continuado ou fraccionado será de oito meses, sempre que un deles sexa como mínimo de 60 días naturais ininterrompidos.

### Contía das axudas (artigo 6º)

**Dende 1.700 aos 3.700 euros**, en función da porcentaxe de redución da xornada e da súa duración, e do número de menores ao seu cargo.

**Nota:** Cando a xornada se realice a tempo parcial, ou cando o período subvencionable sexa inferior ao máximo (8 meses), as contías das axudas reduciranse proporcionalmente.

### Réxime de concesión e criterios de valoración (artigo 1º.3 e artigo 12)

Estas axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva, segundo os criterios de valoración (nivel de ingresos e número de fillos) e de desempate establecidos no artigo 12 da convocatoria.

A concesión da subvención poderase facer individualmente ou mediante a súa publicación no DOG.

### Presentación de solicitudes e prazo (artigo 7º)

**Presentación:** Na sede electrónica da Xunta (vía telemática), a través do formulario dispoñible en: <https://sede.xunta.gal>; opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** Desde o día **20 de maio** ata o **19 de xuño de 2017**.

### Prazo de xustificación e pagamento (artigo 16º)

As persoas beneficiarias deberán presentar a **documentación xustificativa** indicada no artigo 16.2 coa data límite do **15 de setembro de 2017**.

A axuda será aboada nun pagamento único polo importe que corresponda, unha vez presentada a dita documentación dentro do antedito prazo.